

Ciclos formativos de grado medio de formación profesional

Referentes para a avaliación

Índice

1.	Cualificación das preguntas tipo test.....	3
2.	Referentes para a avaliación	3
2.1	Competencia en comunicación lingüística	3
2.1.1	Aspectos da competencia que deberá medir a proba.....	3
2.1.2	Criterios de avaliación	3
2.2	Competencia matemática	5
2.2.1	Aspectos da competencia que deberá medir a proba.....	5
2.2.2	Criterios de avaliación	6
2.3	Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.....	8
2.3.1	Aspectos da competencia que deberá medir a proba.....	8
2.3.2	Criterios de avaliación	9
2.4	Competencia social e cidadá	11
2.4.1	Aspectos da competencia que deberá medir a proba.....	11
2.4.2	Criterios de avaliación	11



1. Cualificación das preguntas tipo test

Nos exames das probas de acceso a ciclos formativos de grao medio con preguntas tipo test, soamente haberá unha resposta correcta. A cualificación obtida en cada pregunta correctamente contestada será de 0,5 puntos. As respostas incorrectas descontarán 0,125 puntos cada unha. As preguntas non contestadas non descontarán puntuación.

2. Referentes para a avaliación

2.1 Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento, e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

2.1.1 Aspectos da competencia que deberá medir a proba

- Habilidade para expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, e dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas.
- Habilidade que permite buscar, comprender, componse e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas.
- Habilidade para seleccionar e aplicar determinados propósitos ou obxectivos ás accións propias da comunicación lingüística, o diálogo, a lectura, a escritura, etc.
- Habilidade para a reflexión sobre o funcionamento da linguaxe e as súas normas de uso, o que implica a capacidade de tomar a linguaxe como obxecto de observación e análise.

2.1.2 Criterios de avaliación

Lingua galega

Lingua castelá

CA1 Extraer e contrastar informacións concretas e identificar o seu propósito, inferir o tema principal e os secundarios, e distinguir como se organiza a información.

Este criterio vai dirixido a comprobar a capacidade para:

- Extraer informacións concretas expresadas con palabras diferentes ás usadas.
- Contrastar as informacións procedentes de diversas fontes.



- Identificar o tema principal dun texto e os secundarios, non só recoñecendo os enunciados en que aparezan explícitos, senón inferíndoos de informacións que se repiten.
- Establecer a relación entre os elementos dunha exposición e dunha explicación.
- Aplicar técnicas de organización de ideas.
- Saber usar e tirar proveito de sinais semánticos, léxicos, sintácticos e gráficos.

CA2 Narrar, expor, explicar, resumir e comentar, organizando as ideas con claridade, ligando os enunciados en secuencias lineais con cohesión, e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

A proba deberá versar sobre feitos de actualidade social, política ou cultural que admitan diferentes puntos de vista e diversas actitudes ante eles.

Con este criterio preténdese avaliar se se é quen de:

- Redactar os textos cunha organización clara e ligando as oracións nunha secuencia lineal con cohesión.
- Narrar e comentar con claridade feitos e experiencias, e compor textos propios.
- Facer resumos, sínteses, comentarios e ampliacións dun texto, sobre todo os expositivos, e cando está a intención de aprender contidos.
- Expor proxectos de traballo e informar das conclusións.
- Presentar correctamente os textos escritos respectando as normas ortográficas e gramaticais.

CA3 Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión de textos escritos, e para a súa composición e a súa revisión.

Preténdese valorar a capacidade de utilizar os coñecementos sobre a lingua, e as normas de uso en relación coa comprensión, a composición e a revisión de textos.

CA4 Coñecer a terminoloxía lingüística necesaria para o uso da lingua.

Con este criterio preténdese avaliar se se é capaz de coñecer e usar a terminoloxía básica para seguir e dar explicacións e instrucións nas actividades gramaticais.



2.2 Competencia matemática

Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión ou razoamento matemático, tanto para producir e interpretar tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida.

2.2.1 Aspectos da competencia que deberá medir a proba

- Habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.
- Coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos (diversos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc.) en situacións simuladas da vida cotiá, así como a posta en práctica de procesos de razoamento que levan á solución dos problemas ou á obtención de información.
- Uso dos elementos e dos razoamentos matemáticos para se enfrontar a situacións cotiás que os precisan. Xa que logo, a identificación de tales situacións, a aplicación de estratexias de resolución de problemas e a selección das técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñible nela.
- Habilidade para comprender unha argumentación matemática e expresarse e comunicarse na linguaxe matemática, utilizando as ferramentas de apoio adecuadas, e integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento para dar unha mellor resposta ás situacións da vida de distinto nivel de complexidade.
- Habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.
- Uso de relacións entre variables e a súa representación mediante táboas, gráficas e modelos matemáticos para describir, interpretar, predicir e explicar fenómenos diversos de tipo económico, social ou natural.
- Estes contidos móvense entre os diversos xeitos de representar unha situación (verbal, numérico, xeométrico ou a través dunha expresión literal) e as maneiras de traducir unha expresión dunha a outra linguaxe.
- Así mesmo, preténdese que se sexa quen de distinguir as características de determinados tipos de funcións con obxecto de modelizar situacións reais.
- Uso da estatística, fenómenos aleatorios sinxelos mediante experimentación e tratamento, por medio de táboas e gráficas, de datos estatísticos, para analizar de xeito crítico as presentacións falaces, interpretacións nesgadas e abusos que ás veces contén a información de natureza estatística.



2.2.2 Criterios de avaliación

Matemáticas

CA1 Utilizar os números, as operacións e as propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria.

Este criterio vai dirixido a comprobar a capacidade para:

- Utilizar o xeito de cálculo acaído (mental, escrito ou con calculadora), e estimar a coherencia e a precisión dos resultados obtidos
- Expresar os números de forma adecuada á situación suscitada: decimal, fraccionaria ou en notación científica.
- Comparar, ordenar e representar números enteiros e racionais.
- Interpretar información expresada en números enteiros e racionais.
- Saber aplicar en contextos cotiáns as operacións aritméticas con números enteiros e decimais.

CA2 Expresar mediante a linguaxe alxébrica unha propiedade ou relación dada mediante un enunciado.

Preténdese valorar a capacidade de trasladar unha situación real á linguaxe matemática correspondente, co fin de poder comprendela e inferir nova información.

CA3 Resolver problemas da vida cotiá en que cumpra a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro e de segundo grado, e resolver incógnitas.

Con este criterio preténdese avaliar se se é capaz de:

- Usar as estratexias e as ferramentas matemáticas para resolver problemas en contextos diferentes.
- Suscitar un problema a partir dunha situación da vida cotiá e aplicar os coñecementos matemáticos para o resolver.
- Afrontar situacións problemáticas mediante a formulación e a resolución de ecuacións e proporcións directas e inversas.
- Resolver problemas relacionados cos xuros, descontos, recargas, compras a prazos, etc.

CA4 Estimar e calcular perímetros, áreas e ángulos de figuras planas, e volumes de corpos xeométricos, utilizando a unidade de medida acaída.

Este criterio vai dirixido a comprobar a capacidade para:

- Obter e utilizar representacións planas de corpos xeométricos: prismas, pirámides, cilindros, conos, esferas e poliedros regulares.
- Aplicar as nocións xeométricas á vida cotiá medindo espazos e volumes.
- Aplicar e facer estimacións de superficie e de volume en situacións cotiás.
- Identificar e aplicar fórmulas para o cálculo de superficies planas (limitadas por segmentos e arcos de circunferencia) e de volumes de corpos xeométricos (prismas,



pirámides, cilindros, conos e esferas), por medio de figuras elementais para o cálculo de áreas de figuras planas do contorno.

CA5 Elaborar e interpretar informacións estatísticas tendo en conta a adecuación das táboas e das gráficas empregadas, e analizar se os parámetros son máis ou menos significativos.

Preténdese valorar a capacidade de:

- Extraer a información que achegan os conceptos de uso corrente en estatística: poboación, mostra, media aritmética, moda, mediana e dispersión.
- Interpretar toda esta información para adquirir criterios e tomar decisións de feitos cotiáns.



2.3 Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

É a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de modo que se posibilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e á preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos.

En definitiva, incorpora habilidades para desenvolverse adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal, en ámbitos da vida e do coñecemento moi diversos (saúde, actividade produtiva, consumo, ciencia, procesos tecnolóxicos, etc.) e para interpretar o mundo, o que esixe a aplicación dos conceptos e os principios que permiten a análise dos fenómenos desde diferentes campos de coñecemento científico involucrados.

2.3.1 Aspectos da competencia que deberá medir a proba

- Coñecemento do espazo en que se desenvolve a vida e a actividade humana, a gran escala e no contorno inmediato, e habilidade para interactuar co espazo circundante: moverse nel e resolver problemas en que interveñan os obxectos e a súa posición.
- Coñecemento da influencia das persoas no espazo (asentamento, actividade, modificacións introducidas e paisaxes resultantes), e da importancia de que toda a humanidade se beneficie do desenvolvemento, e de que este procure a conservación dos recursos e a diversidade natural, e se manteña a solidariedade global e entre as xeracións.
- Coñecemento do corpo humano, a natureza e a interacción das persoas con ela, para argumentar racionalmente as consecuencias dos modos de vida, e adoptar unha disposición a unha vida física e mental saudable nun contorno natural e social tamén saudable.
- Uso dos elementos que levan a comprender e a tomar decisións sobre o mundo físico e sobre os cambios que a actividade humana produce sobre o medio, sobre a saúde e sobre a calidade de vida das persoas.
- Habilidades e destrezas asociadas á planificación e ao manexo de solucións técnicas, seguindo criterios de economía e eficacia, para satisfacer as necesidades da vida cotiá e do mundo laboral.
- Habilidades para o desenvolvemento e a aplicación do pensamento científicotécnico que permite interpretar a información recibida, e predicir e decidir con iniciativa e autonomía nun mundo en que os avances que se producen nos ámbitos científico e tecnolóxico teñen unha influencia decisiva na vida persoal, na sociedade e no medio.



2.3.2 Criterios de avaliación

Ciencias da natureza

CA1 Utilizar o concepto cualitativo de enerxía para explicar o seu papel nas transformacións que teñen lugar no noso contorno, e recoñecer a importancia e as repercusións para a sociedade para o medio das fontes de enerxía renovables e non renovables.

Preténdese valorar a capacidade de:

- Relacionar o concepto de enerxía coa capacidade de realizar cambios, establecendo a relación entre causa e efecto.
- Coñecer formas e fontes de enerxía renovables e non renovables, as súas vantaxes e os seus inconvenientes, e algúns dos principais problemas asociados á súa obtención, ao seu transporte e ao seu uso.
- Coñecer o principio de conservación da enerxía e aplicalo nalgúns exemplos sinxelos.
- Comprender a importancia do aforro enerxético e o uso de enerxías limpas para contribuír a un futuro sustentable.

CA2 Resolver problemas sinxelos aplicando os coñecementos sobre o concepto de temperatura e a súa medida, o equilibrio e o desequilibrio térmico, os efectos da calor sobre os corpos e o seu xeito de propagación.

Con este criterio preténdese avaliar se se é quen de comprender a importancia da calor e as súas aplicacións, ou distinguir entre calor e temperatura no estudo dos fenómenos térmicos.

CA3 Interpretar os aspectos relacionados coas funcións vitais dos seres vivos e o efecto de determinadas variables nos procesos de nutrición, relación e reprodución.

Este criterio vai dirixido a comprobar a capacidade para:

- Coñecer e relacionar as funcións vitais dos seres vivos.
- Diferenciar entre a nutrición de seres autótrofos e heterótrofos.
- Coñecer as características e os tipos de reprodución.
- Identificar os elementos fundamentais que interveñen na función de relación.
- Identificar os compoñentes e as relacións que se establecen nun ecosistema.
- Explicar cambios nos procesos dos seres vivos e na dinámica da Terra, con efectos observables.

CA4 Recoñecer que na saúde inflúen aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, e relacionar a importancia dos estilos de vida e das principais achegas das ciencias biomédicas coa prevención de doenzas e a mellora da calidade de vida.

Preténdese valorar a capacidade de:

- Establecer relacións entre as funcións do organismo e os factores cunha maior influencia na saúde, como son os estilos de vida.



- Coñecer os conceptos relacionados cos mecanismos de defensa corporal na loita contra a doenza.
- Coñecer os conceptos relacionados coa saúde e a prevención da doenza, e valorar a súa importancia sobre a saúde: reprodución, sexualidade, hábitos tóxicos, exercicio físico e alimentación.

Tecnoloxía

CA1 Describir propiedades básicas de materiais técnicos e as súas variedades comerciais (madeira, metais, materiais plásticos, cerámicos e pétreos) e identificalos en aplicacións comúns.

Con este criterio preténdese avaliar que se é quen de:

- Coñecer as propiedades mecánicas, eléctricas e térmicas dos materiais.
- Relacionar as devanditas propiedades coa aplicación de cada material na fabricación de obxectos comúns.

CA2 Representar mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos sinxelos, aplicando criterios básicos de normalización.

Este criterio vai dirixido a comprobar a capacidade para representar obxectos sinxelos en proxección diédrica (alzado, planta e perfil), así como a obtención da súa representación tridimensional tanto a man alzada como mediante instrumentos de debuxo, seguindo os criterios normalizados de acotación e escala.

CA3 Representar circuitos eléctricos a partir dun suposto práctico debidamente caracterizado.

Preténdese valorar a capacidade de:

- Representar con simboloxía adecuada a tensión, a corrente, a resistencia, a potencia e a enerxía eléctrica
- Empregar os conceptos e os principios de medida e cálculo de magnitudes.

CA4 Interpretar esquemas en que interveñen operadores mecánicos e resolver problemas de máquinas simples e de mecanismos.

Con este criterio preténdese avaliar se se é quen de:

- Comprender o uso dos mecanismos sinxelos como compoñentes de máquinas complexas.
- Coñecer os fundamentos das máquinas simples.
- Valorar o uso das máquinas no noso contorno e a súa importancia no desenvolvemento social.



2.4 Competencia social e cidadá

Esta competencia fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora.

Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e das decisións adoptadas.

2.4.1 Aspectos da competencia que deberá medir a proba

- Coñecemento dos trazos das sociedades actuais, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo; comprensión da achega que as culturas lle fixeron á evolución e ao progreso da humanidade; disposición dun sentimento común de pertenza á sociedade en que se vive.
- Habilidade para valorar as diferenzas, e recoñecemento da igualdade de dereitos entre colectivos, nomeadamente entre homes e mulleres.
- Uso do exercicio dunha cidadanía activa e integradora, que esixe o coñecemento e a comprensión dos valores en que se asentan os estados e as sociedades democráticas, dos seus fundamentos, os modos de organización e o seu funcionamento.
- Habilidade para reflexionar criticamente sobre os conceptos de democracia, liberdade, igualdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía, con particular atención aos dereitos e aos deberes recoñecidos nas declaracións internacionais, na Constitución española e na lexislación autonómica, así como á súa aplicación por parte de diversas institucións.

2.4.2 Criterios de avaliación

Ciencias sociais, e xeografía e historia

CA1 Interpretar o contido da información expresada nun mapa.

Con este criterio preténdese avaliar se se é capaz de:

- Localizar lugares ou espazos nun mapa.
- Utilizar datos de coordenadas xeográficas.
- Obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e a simboloxía.

CA2 Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de Europa e de España (océanos e mares, continentes, unidades de relevo e ríos) caracterizando os trazos que predominan nun espazo concreto.

Este criterio vai dirixido a comprobar a capacidade para:

- Coñecer o mapa físico do mundo, de Europa e de España nos seus trazos básicos.



- Localizar nomeadamente os elementos que representan os mapas e expresar os elementos que predominan en cada territorio.

CA3 Comparar os trazos físicos máis salientables que configuran os grandes medios naturais do planeta (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos), con especial referencia a España, localizándoos no espazo representado e relacionándoos coas posibilidades que ofrecen aos grupos humanos.

Preténdese valorar a capacidade de:

- Recoñecer e localizar no espazo os principais medios naturais de España e do mundo.
- Caracterizar e distinguir os principais medios naturais en función da interacción, con base nos trazos físicos predominantes que conforman paisaxes xeográficas diferenciadas.
- Relacionar os medios naturais coas formas de vida que posibilitan.

CA4 Identificar e explicar, algúns exemplos dos impactos da acción humana sobre o medio natural, analizar as súas causas e os seus efectos, e achegar medidas e condutas que cumprirían para os limitar.

Con este criterio preténdese avaliar se se é quen de:

- Coñecer algúns problemas ambientais salientables, en especial os máis directamente relacionados coas características do medio natural (escaseza de auga, perda de bosques, cambio climático, etc.).
- Relacionar as causas dos principais problemas ambientais e os seus efectos, así como expor accións que poidan contribuír á súa mellora, a través da ciencia, a tecnoloxía, o consumo responsable, etc.
- Establecer as relacións entre as características do relevo, as augas, a climatoloxía e as unidades paisaxísticas, a escala rexional e global, así como determinados problemas que xorden pola intervención humana.
- CA5 Identificar áreas xeoeconómicas e culturais de España, de Europa e do mundo.
- Este criterio vai dirixido a comprobar a capacidade para:
- Recoñecer a organización territorial e os trazos básicos da estrutura políticoadministrativa do Estado español, e da súa pertenza á Unión Europea.
- Localizar nos seus respectivos mapas políticos as comunidades autónomas de España e as súas capitais.
- Identificar as institucións que rexen o ordenamento territorial de España, así como a súa participación nas institucións da Unión Europea.

CA6 Describir algún caso que amose as consecuencias ambientais das actividades económicas e dos comportamentos individuais.

Preténdese valorar a capacidade de:

- Discriminar os xeitos de desenvolvemento sustentable e os que son nocivos para o medio.



- Coñecer os problemas que a ocupación e a explotación do espazo poden xerar no medio.
- Coñecer formulacións e políticas de defensa do medio.
- Coñecer as actuacións e as políticas concretas que melloran a calidade ambiental e colaboran na procura dun desenvolvemento sustentable.

CA7 Utilizar fontes diversas (gráficos, esbozos, mapas temáticos, imaxes e fontes escritas) para obter e relacionar información sobre feitos sociais, e comunicar as conclusións de xeito organizado e intelixible.

Con este criterio preténdese avaliar se se é capaz de:

- Manexar correctamente os instrumentos gráficos e cartográficos.
- Ler e interpretar gráficos e mapas temáticos dunha dificultade similar ou inferior á habitual nos medios de comunicación.

CA8 Situar no tempo e no espazo períodos e feitos transcendentales e procesos históricos salientables, identificando o tempo histórico no mundo, en Europa e en España, e aplicando as convencións e os conceptos habituais no estudo da Historia.

Este criterio vai dirixido a comprobar a capacidade para:

- Coñecer as etapas e os períodos cronolóxicos máis importantes.
- Comprender as nocións de simultaneidade e cambio, e os momentos e os procesos que caracterizan o tránsito dunhas etapas a outras, aplicando estas nocións á evolución histórica desde o século XVIII ata o mundo actual.

CA9 Identificar as causas e as consecuencias de feitos e procesos históricos significativos, establecer conexións entre elas e recoñecer a causalidade múltiple que comportan os feitos sociais.

Preténdese valorar a capacidade de:

- Explicar os factores que inflúen nun feito ou proceso histórico significativo.
- Recoñecer a natureza, a relación e a xerarquización das causas que interveñen nos feitos históricos, así como as súas consecuencias a curto e a longo prazo.
- Describir os grandes cambios e conflitos mundiais, nomeadamente os de relevancia, para entender o mundo actual.
- Definir os principais problemas dos homes e mulleres no presente, e reaccionar con sensibilidade.